

PROXECTO DE DECRETO XXX/2026, do XX de XXX, polo que se regula o Rexistro das entidades de control e certificación dos produtos alimenticios de Galicia

Na economía de Galicia, o sector agroalimentario constitúe un pilar fundamental, con repercusión notable no emprego e no produto interior bruto da comunidade autónoma, ademais de ser clave no desenvolvemento de importantes áreas do noso rural.

A industria agroalimentaria debe satisfacer as necesidades dun consumidor cada vez máis esixente, que demanda produtos alimenticios nos que os aspectos sanitarios, a calidade e a rastrexabilidade estean plenamente garantidas.

As persoas produtoras, fabricantes e distribuidoras son conscientes da necesidade de diferenciar os seus produtos mediante o cumprimento de normas voluntarias que impliquen unha calidade por riba da estándar, para así poder diferenciar os seus produtos dos dos seus competidores nun mercado cada vez máis globalizado.

Por outra parte, a normativa da Unión Europea foi substituíndo en moitos casos as comprobacións administrativas de determinados aspectos da lexislación alimentaria por un sistema voluntario de certificación que realizan organismos privados, obxectivos e imparciais, acreditados segundo as normas pertinentes para realizaren o control dos procesos de produción, transformación e comercialización así como o das características específicas que definen un produto alimentario. Estas entidades actúan baixo a supervisión da autoridade competente, que lles delega tarefas de control oficial.

Isto ten encaixe no marco legislativo actual relativo á organización dos controis oficiais para comprobar o cumprimento da lexislación da Unión Europea relativa á cadea alimentaria. O dito marco está constituído



fundamentalmente polo Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº999/2001, (CE) nº 396/2005, (CE) nº 1069/2009, (CE) nº 1107/2009, (UE) nº 1151/2012, (UE) nº 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os Regulamentos (CE) nº 1/2005 e (CE) nº 1099/2009 do Consello, e as Directivas 98/58/CE, 1999/74/ CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 854/2004 e (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as Directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE e 97/78/CE do Consello e a Decisión 92/438/CEE do Consello. Esta norma regula, entre outras moitas cuestións, a forma na que as administracións competentes poden delegar funcións de control oficial nestes organismos.

Son diversas as normas públicas cuxo cumprimento pode ser controlado e certificado por entidades privadas.

Así, dentro do ámbito voluntario, poderíamos citar os pregos de condicións das denominacións de orixe (DOP) e das indicacións xeográficas (IXP) de viños, bebidas espirituosas e produtos agrícolas ás que se refire o Regulamento (UE) 2024/1143 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, relativo ás indicacións xeográficas para viños, bebidas espirituosas e produtos agrícolas, así como especialidades tradicionais garantidas e termos de calidade facultativos para produtos agrícolas, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1308/2013, (UE) 2019/787 e (UE) 2019/1753, e se derroga o Regulamento (UE) n.º 1151/2012. Aínda que actualmente o control do cumprimento dos pregos de condicións das DOP e IXP de ámbito galego realízao ou ben directamente a Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou está delegado nun consello regulador, a normativa autonómica permitiría



facen esa delegación en entidades independentes de control e certificación. Por outra parte, hai pregos de condicións de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de fóra de Galicia que contemplan a posibilidade de que determinadas operacións -como a maduración ou o envasado, por exemplo- se realicen fóra do seu territorio de produción, e esas operacións -que, polo tanto, se poden desenvolver en Galicia- deben ser obxecto de control oficial, o cal habitualmente se fai a través dunha delegación de funcións en entidades de control e certificación. Tamén dentro deste ámbito voluntario son obxecto de control oficial a través de entidades privadas os pregos de condicións das especialidades tradicionais garantidas (ETG) ás que se refire o citado Regulamento (UE) 2024/1143 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024.

Outro ámbito voluntario no que é habitual a actuación deste tipo de entidades é o relativo ao uso das mencións facultativas na comercialización de carne de aves, que se recollen no Regulamento (CE) 543/2008 da Comisión, do 16 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello no que atinxe á comercialización de carne de aves de curral

Polo que se refire á comercialización de ovos, as mencións facultativas que se indican no Real decreto 1027/2024, do 8 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa da Unión Europea de comercialización de ovos, tamén deben estar certificadas por entidades con delegación de tarefas de control oficial se este non o fai directamente a autoridade competente. Por outro lado, este mesmo real decreto establece, con algunhas excepcións, o mercado obrigatorio dos ovos, e esa operación debe ser obxecto de control oficial a través de organismos de certificación con delegación de tarefas, tamén, como no caso anterior, se o control non o fai directamente a administración.



Continuando coa enumeración de actividades nas que a autoridade competente delega tarefas de control oficial en entidades independentes, citamos a indicación da variedade ou variedades de uva ou o ano de colleita na etiquetaxe e presentación dos viños sen denominación de orixe nin indicación xeográfica, de acordo coa regulación que fai a Orde da Consellería do Medio Rural do 19 de xullo de 2010 pola que se establecen normas sobre as condicións de utilización das indicacións facultativas relativas ao ano de colleita e á variedade ou variedades de uva na etiquetaxe e presentación dos viños sen denominación de orixe nin indicación xeográfica protexida.

Para acabar con esta relación de campos nos que poden actuar as entidades de control e certificación, e sen ánimo exhaustivo, podemos citar tamén a produción integrada regulada a nivel estatal mediante o Real decreto 1021/2002, do 20 de novembro polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas. e a nivel autonómico a través do Decreto 68/2004, do 11 de marzo sobre a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios e da Orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 30 de maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004; a etiquetaxe dos produtos de porco ibérico, regulado mediante o Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e a caña de lombo ibérico; e a utilización do logotipo "raza autóctona" nos produtos de orixe animal, que se regula a través do Real decreto 505/2013 polo que se regula o uso do logotipo "raza autóctona" nos produtos de orixe animal.

Tendo en conta o anterior, o obxecto deste decreto é regular o contido, a estrutura e o procedemento de inscrición no Rexistro de entidades de control e certificación dos produtos alimenticios de Galicia, creado pola Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia. Este rexistro debe ser unha ferramenta que contribúa a facilitar e simplificar a actuación desas entidades, ao mesmo tempo que permitirá ter un coñecemento exacto da existencia, funcións e implantación destas entidades en Galicia.



O decreto consta dunha parte expositiva e 22 artigos, estruturados en 6 capítulos.

O capítulo I, "Disposicións xerais", establece o obxecto, o ámbito de aplicación, a adscrición e fins do rexistro así como a súa natureza -que inclúe o seu carácter público- e as definicións básicas para os efectos da norma. No capítulo II "Estrutura do rexistro", defínense as entidades que se deben inscribir e os datos que deben ser obxecto de inscrición. Pola súa parte, no capítulo III "Procedemento de inscrición", establécese o procedemento de inscrición. O capítulo IV, "Inscrición provisional", regula os efectos da inscrición provisional das entidades de control e certificación, o capítulo V, "Modificación, suspensión e cancelación da inscrición" establece os supostos e procedemento de modificación e os efectos e tramitación da suspensión e cancelación das inscrición e, por último, o capítulo VI, "Controis sobre as entidades rexistradas", regula os controis sobre as entidades rexistradas e as consecuencias derivadas deses controis.

Complétase con dúas disposicións adicionais, sobre entidades rexistradas provisionalmente e actualización de modelos normalizados, unha disposición transitoria sobre entidades que operan en Galicia, unha disposición derogatoria e dúas derradeiras verbo da habilitación para a aplicación e execución do decreto e a súa entrada en vigor.

De acordo cos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade, este decreto dítase para dar cumprimento á normativa anteriormente citada e ás prescricións de uso de medios electrónicos e simplificación documental da Lei 39/2015 do 1 de outubro, e á Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

Para garantir os principios de coherencia e seguridade xurídica elaborouse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico e, en especial, coa normativa anteriormente citada. Así mesmo, cúmprese co principio de eficiencia, xa que non se impoñen novas cargas administrativas e simplifícase a tramitación administrativa ao establecer a súa realización de forma



electrónica.

Na tramitación deste decreto levouse a cabo unha consulta pública previa, realizouse o trámite de participación pública e información pública para solicitar a opinión da cidadanía e o trámite de audiencia das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Finalmente, tivéronse en conta tanto o principio de accesibilidade, ao rebaixar a carga administrativa dos trámites respecto a regulamentación anterior, como o principio de responsabilidade, ao determinar de maneira explícita a identidade da autoridade competente nesta materia.

Na súa virtude, por proposta da conselleira do Medio Rural, de acordo/oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ----- de dous mil vinte e seis,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto regular o contido, a estrutura e o procedemento de inscrición no Rexistro de entidades de control e certificación dos produtos alimenticios de Galicia creado polo artigo 86 da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. O ámbito de aplicación deste decreto limítase ás entidades de control e certificación de produtos alimenticios suxeitos a unha disposición normativa ou regulamentaria de calidade de carácter público que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Este decreto non será de aplicación a:

- a) Os consellos reguladores que teñan delegadas as tarefas de control e certificación da figura de protección da calidade diferenciada de ámbito autonómico de que se trate nin ao consello regulador de agricultura ecolóxica de Galicia como autoridade de control da produción ecolóxica en Galicia
- b) As entidades que realicen labores de control de disposicións normativas ou regulamentarias de calidade de carácter privado.

Artigo 3. Adscrición e fins do Rexistro

1. O Rexistro de entidades de control e certificación de produtos alimenticios de Galicia, en diante rexistro, está adscrito á Dirección Xeral competente en materia de control da calidade alimentaria e constitúese como base de datos informatizada.

2. A finalidade xeral do rexistro é a de dispoñer de maneira permanente, integrada e actualizada da información relativa ás entidades de control e certificación que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seguintes propósitos:

- a) Facilitar a actividade de supervisión por parte da autoridade competente.
- b) Proporcionar ás persoas interesadas información das entidades de control e certificación que prestan servizos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. Natureza do rexistro

1. O rexistro ten carácter administrativo, público e único.

2. A inscrición ten carácter constitutivo e é un requisito previo para o inicio da actividade por parte das entidades de control e certificación dos produtos alimenticios que pretendan traballar en Galicia.



Artigo 5. *Acceso ao rexistro*

Os datos do rexistro son públicos, con excepción dos datos de carácter persoal, que están sometidos á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 6. *Definicións*

Para os efectos da presente norma establécense as seguintes definicións:

- a) Alcance: estándar de referencia, requisitos e normas para cuxo control e certificación unha entidade pode ser declarada tecnicamente competente.
- b) Calidade diferenciada: o conxunto de características dun produto alimenticio que son consecuencia do cumprimento de requisitos establecidos en disposicións de carácter voluntario, relativos á súa orixe xeográfica, ás súas materias primas ou procedementos de produción, transformación ou comercialización, e adicionais ás exixencias de calidade estándar obrigatorias para un produto alimenticio.
- c) Control oficial: conxunto de actividades realizadas polas autoridades competentes ou as entidades nas que aquelas delegasen, para comprobar o cumprimento por parte dos operadores, das normas contempladas no artigo 2.1 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, sobre controis oficiais.
- d) Entidades de control e certificación: os organismos privados, obxectivos e imparciais, acreditados segundo as normas pertinentes para realizaren o control dos procesos de produción, transformación e comercialización e das características específicas que definen un produto alimenticio amparado por unha figura de protección da calidade diferenciada. Inclúense as entidades que certifican mencións voluntarias reguladas polas administracións públicas e baseadas nun prego de condicións ou documento equivalente así como as entidades que certifican outras mencións obrigatorias que a normativa establece que deben ser obxecto de certificación por unha entidade. Baixo



esta definición non se inclúen os consellos reguladores.

e) Persoa operadora alimentaria (ou persoa explotadora da empresa alimentaria): a persoa física ou xurídica, así como as súas agrupacións, que desenvolvan por conta propia, con ou sen ánimo de lucro, algunha das actividades relacionadas con calquera das etapas de produción, transformación, envasado, distribución e comercialización dun produto alimenticio. Esta persoa física ou xurídica será a responsable de garantir o cumprimento dos requisitos da lexislación alimentaria na empresa alimentaria baixo o seu control.

CAPÍTULO II

Estrutura do rexistro

Artigo 7. Entidades rexistrables

Serán obxecto de inscrición no rexistro:

- a) As entidades de control e certificación de produtos alimenticios de Galicia que desenvolvan ou pretendan desenvolver a súa actividade en Galicia para un alcance para o que non están recoñecidas con carácter definitivo por outra administración pública e
- b) As entidades de control e certificación de produtos alimenticios que operen ou pretendan operar en Galicia e foran autorizadas con carácter definitivo por outra administración pública para o alcance ou alcances concretos para os que quere operar en Galicia.

Artigo 8. Datos do rexistro

Nas inscricións que se practiquen constarán, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Denominación ou razón social da entidade.
- b) Datos xerais e identificativos da entidade e, de ser o caso, da persoa representante legal (domicilio social, NIF, nome e apelidos do representante).



- c) Datos da persoa responsable técnica da entidade (nome e apelidos, titulación académica correspondente).
- d) Número de inscrición da entidade.
- e) Data de inscrición da entidade.
- f) Número identificativo da acreditación da ENAC.
- g) Alcance/s para o/s que se inscribe e estado do alcance (alta, suspensión ou cancelación).

CAPÍTULO III

Procedemento de inscrición

Artigo 9. Solicitudes de inscrición

1.As solicitudes de inscrición presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos e dirixiranse á persoa titular da dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, que figura como anexo I.

2.A solicitude de inscrición debe conter:

- a) Os datos da entidade (nome, domicilio social, teléfono e dirección electrónica),
- b) Unha declaración responsable de que a súa actividade de control e/ou certificación realizarase en empresas coas que non existe ningunha dependencia económica, nin contrato de asesoramento, nin vinculación no deseño ou elaboración dos produtos que controla ou certifica.
- c) Un compromiso de poñer ao dispor da dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria toda a documentación correspondente ás actuacións de control e certificación realizadas.

3. De conformidade co artigo 8.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se



algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

4. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 10. *Documentación complementaria*

1. A solicitude de inscrición presentada polas entidades ás que se refire a letra a) do artigo 7 debe ir acompañada da seguinte documentación:

a) Certificado de acreditación da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) ou doutra entidade que asinase o acordo multilateral de recoñecemento «European Cooperation for Accreditation» (EA) que inclúa o/s alcance/s para o que solicita a inscrición.

b) Organigrama da entidade con identificación das persoas responsables no/s alcance/s para o/s que se inscribe.

c) Descrición dos medios de control e ensaio propios ou contratados.

d) Lista de empresas subcontratadas, cando corresponda.

e) Documentación acreditativa do cumprimento das normas da serie UNE-EN ISO/IEC 17020 e/ou UNE-EN ISO/IEC 17025 en caso de empresas subcontratadas pola entidade.

f) Estrutura e denominación do comité ou órgano encargado da certificación, con identificación dos seus membros e as funcións e os intereses que representan, no caso de que corresponda.

g) Tarifas aplicables ás actividades de control e de certificación detalladas por fases.

h) Manual de calidade e procedementos relativo ao control e á certificación



do alcance para o que se solicita a inscrición que demostre o cumprimento da norma correspondente

2. A solicitude de inscrición presentada polas entidades ás que se refire a letra b) do artigo 7 debe ir acompañada da seguinte documentación:

a) Certificado emitido por outra administración pública que acredite que foi recoñecida para o exercicio das actividades de control e certificación para un alcance concreto e para o que solicita a inscrición.

b) Certificado de acreditación da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), ou doutra entidade que asinase o acordo multilateral de recoñecemento «European Cooperation for Accreditation» (EA) que inclúa o alcance/s para o que solicita a inscrición.

c) Manual de calidade e procedementos relativo ao control ou a certificación do alcance para o que se solicita a inscrición que demostre o cumprimento da norma correspondente

d) Declaración responsable da persoa interesada de que se dispón da documentación restante prevista no apartado 1 do presente artigo.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.



Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada neste artigo. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.



d) NIF da entidade representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario pertinente e achegar o documento.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos realizarase só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá as persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia- Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo,



aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta Cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. Emenda da solicitude

Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo da correspondente resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Artigo 15. Resolución

1. Correspóndelle á persoa titular da dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria resolver sobre as solicitudes de inscrición.

2. Unha vez ditada a resolución de inscrición en sentido favorable, procederase de oficio á formalización desta no Rexistro regulado neste Decreto e no que constarán os datos que se recollen no artigo 8.



3. A resolución non porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de calidade alimentaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

CAPÍTULO IV

Inscrición provisional

Artigo 16. Inscripción provisional

1. As entidades de control e certificación que no momento de presentación de solicitude de inscrición no Rexistro non dispoñan do certificado de acreditación para o alcance para o que solicitan a inscrición, poderán solicitar a inscrición provisional, por un período dun ano prorrogable por un ano máis, contado desde a data da solicitude, mediante a presentación dunha solicitude segundo modelo normalizado da sede electrónica (anexo II)
2. Nos supostos aos que se refire o apartado 1 anterior, xunto coa documentación complementaria que se indica nas letras b) a h) do artigo 10.1 deberá achegarse unha copia da solicitude de acreditación do alcance para o que se solicita a inscrición.
3. As entidades de control e certificación que soliciten a inscrición provisional, unha vez inscritas, poderán emitir unicamente certificados non acreditados.
4. Unha vez obtida a acreditación, a documentación xustificativa desta deberá presentarse no prazo máximo de 15 días desde a súa notificación.
5. No suposto de ter transcorridos os prazos establecidos nos apartados primeiro e cuarto sen que se obtivese a documentación xustificativa correspondente ou sen que esta se presentase, darase de baixa de oficio a inscrición da entidade para aquel alcance.



CAPÍTULO V

Modificación, suspensión e cancelación da inscrición

Artigo 17 . Modificación dos datos rexistrados

1. Nos supostos de modificación de calquera dos datos rexistrados, as entidades inscritas deberán presentar electronicamente por medio de modelo normalizado (anexo III) a documentación que a xustifique, co fin de actualizar os datos. Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a data na que se produza.

2. No caso de que as entidades inscritas queiran ampliar o/s alcance/s para o/s que se inscribiu, é necesario que presenten unha solicitude de ampliación segundo modelo normalizado da sede electrónica (anexo III) acompañada da documentación que establece o artigo 10.1 deste decreto.

Artigo 18. Suspensión da inscrición

1. A inscrición no Rexistro poderá suspenderse, para un ou varios alcances, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Suspensión temporal da acreditación outorgada pola ENAC para os alcances inscritos.
- b) Imposición de sanción accesoria por resolución que poña fin á vía administrativa pola comisión dunha infracción grave ou moi grave nos termos previstos na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.
- c) Medida provisional adoptada durante a tramitación do procedemento de cancelación da inscrición, polo tempo que medie desde o inicio do procedemento ata a resolución que poña fin ao procedemento.
- d) Nos supostos recollidos no artigo 22 deste decreto

2. A suspensión da inscrición no rexistro non poderá exceder de tres anos e impedirá á entidade rexistrada o exercicio das súas funcións no tempo da súa



duración.

3. A persoa titular da dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria ditará a correspondente resolución de levantamento da suspensión ou, de ser o caso, de cancelación da inscrición.

4. A suspensión da inscrición no rexistro non dará dereito a indemnización.

Artigo 19. *Cancelación de inscrición*

1. A cancelación da inscrición no rexistro acordarase por algunha das seguintes causas:

a) Solicitude da entidade.

b) Extinción da personalidade xurídica ou perda da capacidade de obrar da dita entidade.

c) Retirada da acreditación concedida pola ENAC para os alcances inscritos.

d) Imposición de sanción accesoria por resolución que poña fin á vía administrativa pola comisión dunha infracción grave ou moi grave nos termos previstos na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

e) Resolución do procedemento de suspensión da inscrición cando se estableza a cancelación.

2. A cancelación da inscrición non dará dereito a indemnización.

Artigo 20. *Resolución*

1. A modificación, suspensión ou cancelación da inscrición no rexistro requirirá unha resolución da dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria.

2. A resolución de suspensión ou cancelación adoptarase logo da instrución do correspondente procedemento no que, en todo caso, se dará audiencia á entidade interesada.

3. A suspensión e a cancelación inscribíranse no rexistro.

4. As entidades responderán dos posibles danos e perdas que se deriven da



cancelación ou suspensión da súa inscrición.

CAPÍTULO VI

Controis sobre as entidades rexistradas

Artigo 21. Controis

A dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria poderán realizar os controis que consideren necesarios co fin de verificar o cumprimento das condicións esixidas neste decreto por parte das entidades rexistradas.

Artigo 22. Resultado dos controis

1. Se nos controis realizados ás entidades de control e certificación se detectasen inexactitudes, falsidades ou omisións esenciais relacionadas coa documentación ou cos datos recollidos no artigo 10, a dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria, logo de audiencia da entidade interesada, poderá suspender ou cancelar a inscrición do rexistro da entidade.
2. A resolución administrativa poderá comportar o inicio das actuacións sancionadoras correspondentes e a esixencia das responsabilidades que se deriven de acordo coa lexislación vixente.

Disposición adicional primeira. Entidades rexistradas provisionalmente

Os controis efectuados por unha entidade inscrita provisionalmente consideraranse válidos se a entidade obtén a acreditación.

No suposto de non obter a acreditación, as persoas operadoras deberán volver a obter a certificación no prazo máximo de seis meses desde que se lle notifique a non inscrición definitiva da entidade que realizou as actividades de control e certificación.



Disposición adicional segunda. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición poderán ser actualizados co fin de mantelo adaptado á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación do modelo actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria única. *Entidades que operan en Galicia*

1. As entidades de control e certificación que operen en Galicia con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto deberán presentar unha solicitude de inscrición no prazo máximo de tres meses contados desde esa data.
2. No período comprendido entre a solicitude e a inscrición no rexistro, estas entidades poderán desenvolver a súa actividade para o alcance que teñan acreditado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

1. Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de control da calidade alimentaria para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto neste decreto, no relativo á organización e materias propias do seu departamento.
2. Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de control da calidade alimentaria a establecer e modificar os modelos e instrucións necesarias para a aplicación deste decreto



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

O presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez